RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 28 de octubre 2019

## A D.O. Ribeira Sacra protagonista do Salón dos Mellores Viños

Durante hoxe e mañá celébrase no Pavillón 2 de IFEMA, o XX Salón dos Mellores Viños de España que organiza a Guía Peñín. Os consellos reguladores de Valencia, Rueda, Ribeira Sacra, Campo de Borja e Somontano darán a coñecer os seus viños máis representativos a través de catas e masterclass dirixidas, exclusivamente, a profesionais do sector, prensa e prescritores.

**Hoxe ás 18.30 a cita é cos viños da D.O. Ribeira Sacra.** A recoñecida **enóloga Mª Isabel Mijares e García de Pelayo** conducirá o **seminario "Ribeira Sacra, o sabor dunha paisaxe"**, que mostrará aos asistentes as características desta zona produtora. A cita servirá para dar a coñecer os viños da D.O. Ribeira Sacra, que recibiron na Guía Peñín unha cualificación superior a 90 puntos.

Así, da D.O. Ribeira Sacra preséntanse:

- Lapola 2017 de Dominio de Bibei, 93
- Ribeira de los Naranjos 2016 de Finca Míllara, 93
- Abadía da Cova Mencía 2018 de Adegas Moure, 92
- Ourive Godello 2017 de Ronsel do Sil, 92
- Capricho de Merenzao 2016 de Adega Ponche dá Boga, 91
- Regina Viarum Mencía 2018 de Regina Viarum, 91
- TX Os Conventos 2015 de Tolo do Xisto – Coca i Fitó, 91
- Rectoral de Amandi Edición Limitada Barrica Manolo Arnoya 2014 de Adegas Rectoral de Amandi, 90

A D.O. Ribeira Sacra é a **terceira Denominación de Orixe de España mellor valorada** na edición 2020 da Guía Peñín cunha puntuación de 90,67. No XX Salón dos Mellores Viños de España preséntanse 320 adegas españolas ante 5.000 profesionais nacionais e internacionais.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org